

DINAMIZACION DO COOPERATIVISMO NUN SECTOR CON POTENCIAL “ARTESANÍA”			
DATA INICIO	16, 23, 30/05 e 06/06/17	DURACIÓN	20 HORAS
HORARIO	16:30 – 21:30 HORAS		
LUGAR CELEBRACIÓN:	DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA , SEDE VIGO - Rúa de Oporto, 3, 36201 Vigo		
Persoa de contacto	RAMÓM CARMELO RODRÍGUEZ PADÍN	teléfono	986 866 149
		e-mail	ramon@espazo.coop
OBXECTIVO			
Detectar e priorizar sectores con potencialidade para o desenvolvemento cooperativo no ámbito comarcal-rexional obxecto da intervención. Coñecer a realidade específica do sector elixido no devandito ámbito territorial. Procurar modelos alternativos para a dinamización do sector. Divulgar e acadar o emprego da fórmula cooperativa como medio para potenciar e consolidar o seu desenvolvemento a medio prazo.			
PROGRAMA E CONTIDOS			
Para acadar os anteriores obxectivos plantexouse en cada proceso de dinamización sectorial a conformación e consolidación dun Grupo Traballo co que se desenvolveron con carácter xeral os seguintes contidos, sen prexuízo de posibles adaptacións en función do grao de coñecemento da fórmula organizativa cooperativa : - Presentación da actividade e dos seus obxectivos - Diagnose e problemática do sector - O significado de cooperar - A cooperativa e os principios cooperativos - Tipoloxías de Cooperativas - Organización Cooperativa: a importancia da comunicación - O Plan de Empresa: a viabilidade social. Casos prácticos - O Plan de Empresa: a viabilidade económica. Casos prácticos - Presentación de Boas Prácticas Cooperativas no Sector - Elaboración de obxectivos comúns coherentes coa diagnose - Conclusións			
METODOLOXÍA			
Fomentarase unha metodoloxía participativa a través do traballo en grupos; debates dirixidos; prácticas de cooperación, resolución de conflitos e comunicación; chuvias de ideas e exercicios prácticos. Tamén potenciarase a obtención de información sobre o sector a través da sistematización das experiencias por parte das asistentes e de boas prácticas cooperativas activas, personalizando ao máximo a metodoloxía co perfil sociocomunitario e sociolaboral das participantes de cada actividade.			
DIRIXIDO A			
Colectivos, persoas e redes relacionadas co sector obxecto de intervención no ámbito territorial e persoas interesadas en articulalo e difundilo dentro dun proceso de intercooperación e construción de mercado social dentro da economía social e de acordo cos principios e valores da mesma. Inclúese a persoas demandantes, desempregadas ou activas, con inquedanzas nalgúns dos sectores de estudo. Grupo mínimo: 12 persoas, grupo máximo: 20 persoas			